



**Cmus** PROFESIONAL CARBALLO



# CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CARBALLO

## PROGRAMACIÓN DE CONXUNTO

Curso 2025-2026

1. INTRODUCCIÓN
2. OBXECTIVOS
3. CONTIDOS
4. METODOLOXÍA
5. AVALIACIÓN
6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
7. TEMAS TRANSVERSAIS
8. PROBAS DE ACCESO
9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

## **1.INTRODUCCIÓN**

La LOMLOE (Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación) establece que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

A presente programación dá concreción a dito lei e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula da docente do Conservatorio Profesional de Música de Carballo.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade a garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizada e preparatoria para estudos posteriores.

## **2.OBXECTIVOS**

A materia de Conxunto no Grao Profesional terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Interpretar en conxunto obras de diferentes estilos empregando os recursos interpretativos necesarios.
- Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra.
- Coñecer as normas básicas que esixe toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.
- Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes ao mesmo tempo que se executa a propia.

- Utilizar o son, buscando o equilibrio da sección.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Interpretar obras de diferentes estilos e épocas para o conxunto instrumental de dificultade.
- Contribuir ao desenvolvemento do dominio técnico do instrumento que complementa o traballado na materia instrumental correspondente.
- Favorecer a mellora nas capacidades cognitivas, afectivas e psicomotoras do alumnado que permitan unha mellora respecto ao equilibrio sonoro (timbre, intensidade e afinación) favorecendo o axuste en función dos demais instrumentos e das necesidades interpretativas e estilísticas da obra.
- Tomar consciencia, tanto individual coma colectivamente, da influencia que os conceptos estéticos e expresivos de cada obra teñen na súa interpretación.
- Dar a coñecer as normas básicas de comportamento e rutinas de traballo que esixe toda actuación e interpretación en grupo.
- Fomentar o espírito crítico no alumnado, para coa súa propia interpretación individual e a do conxunto, que favoreza un estudo máis metódico e detallista e maior consciencia na interpretación.
- Participar en audicións e concertos como parte imprescindible da formación musical do intérprete.
- Tomar consciencia da importancia da interpretación en conxunto como parte fundamental da formación musical e instrumental.

### 3.CONTIDOS

Os contidos para a materia de conxunto de Grado Profesional son:

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, etc.
- A agóxica e as dinámicas.
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos para tocar sen director.
- Equilibrio e planos sonoros.
- Control permanente da afinación.
- Desenvolvemento da igualdade e sincronización das emisións.
- Análise e interpretación de obras do repertorio de conxunto.
  - Práctica de conxunto.
- Traballo do repertorio básico de conxunto dunha dificultade acorde a este nivel.
- Audicións comparadas de interpretacións de conxuntos instrumentais, para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións.
- Práctica de lectura a primeira vista de obras de dificultade acorde a este nivel, atendendo a sincronización, as dinámicas, as articulacións e a afinación da interpretación.
- Práctica da repentización en obras de mínima dificultade.
- Participación en audicións e concertos como parte imprescindible da formación musical do intérprete. (Se a situación sanitaria o permite)
- Posta en valor da importancia da interpretación en conxunto como parte fundamental da formación musical e instrumental.

#### **4. METODOLOXÍA**

A base metodolóxica dos ensinos artísticos instrumentais é a do método individualizado: as estratexias pedagóxicas deben ser flexibles e estruturadas de forma independente para cada alumno, de acordo coas súas características físicas, psíquicas, artísticas etc. Se os obxectivos e contido básicos son comúns, os métodos para alcanzalos deben ser deseñados en función da individualidade de cada alumno, e modificados de forma permanente para tentar desenvolver o potencial do alumnado no seu máis alto grao, desde un punto de vista instrumental, creativo e artístico.

A práctica de conxunto desenvolverase a través de técnicas de ensino en grupo, individuais e activas, onde o profesorado en cada clase orientará e motivará ao alumnado para a busca, procesamento e aplicación da información necesaria. Da mesma maneira, desenvolverase a aprendizaxe por proxectos, xa que estes coñecementos que adquirirá poranse en práctica nos obxectivos ou proxectos establecidos, desde a preparación de obras, ata un programa de concerto.

Para dar reposta a todo o anterior, e de xeito xeral, as estratexias metodolóxicas adaptaranse á madurez do alumnado e aos factores contextuais da clase, como son o tempo, os espazos e os recursos dispoñibles.

## 5. AVALIACIÓN

### ***Criterios de avaliación:***

- Interpretar con corrección e musicalidade axeitada as obras, movementos ou pequenas pezas programadas, tanto individualmente coma en conxunto.
- Demostrar certa capacidade de adaptación e axuste ao grupo en canto ao equilibrio sonoro.
- Amosar certo coñecemento da xestualidade que permite a interpretación en grupo con e sen director/a.
- Amosar certo coñecemento en canto ao criterio estético e estilístico do repertorio traballado.
- Ler a primeira vista algunha obra de mínima dificultade na agrupación que corresponda.
- Interpretar en público, nas audicións ou concertos organizadas a tal fin, parte do repertorio traballado nas sesións de clase.
- Amosar unha boa actitude en cada unha das sesións de clase e interese pola materia.

### ***Criterios de cualificación:***

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

-Traballo diario e aprendizaxe progresiva: 40%

-Interpretar as obras traballadas nas audicións públicas: 30%

-Interese, motivación, disciplina, actitude na clase e nas actividades propostas: 30%

O alumnado deberá superar o 50% da calificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media e ter a posibilidade de aprobar.

### **Mínimos esixibles:**

Mínimos trimestrais:

- traballo en profundidade de 10 minutos de música
- estudar a parte individual
- asistencia a un mínimo do 70% das clases (ausencias xustificadas ou non)

Mínimos anuais:

- traballo en profundidade de 30 minutos de música abarcando polo menos dous estilos diferentes
- asistencia a un mínimo do 70% das clases

### ***Criterios para a concesión de ampliación de matrícula:***

Para a obtención da ampliación de matrícula na materia de Conxunto, realizarase unha proba no que o alumno ou alumna realizará os exercicios marcados polo profesor.

A proba valorarase de 1 a 10 no que a partir do 5 a cualificación é positiva. É preciso ter superado todas as partes para proceder a ampliación de matrícula

### ***Medidas de recuperación***

#### ***Procedementos de recuperación ordinarios***

Recuperación no caso de que a avaliación continúa non sexa posible:

A non xustificación de 4 ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais, da posibilidade da perda do dereito á avaliación continua. Os alumnos que



perdan dito dereito, terán que someterse a un exame, ao que será convocado polo profesor.

A nota será numérica, sen inclusións de decimais, do 1 ó 10. Para poder superar o curso, o alumno ou alumna terá que obter unha cualificación global igual ou maior a 5.

Para dita cualificación terase en conta o cumprimento dos obxectivos a través dos procedementos arriba indicados, sendo a porcentaxe na cualificación a seguinte:

### *Probas extraordinarias*

No caso de que o alumno non alcance os obxectivos do curso e obteña na avaliación de xuño unha cualificación inferior a 5, contará cunha proba extraordinaria

O profesor da materia poderá indicar no Informe de Materia Non Superada que se entrega no mes de xuño, algún aspecto particular a presentar na devandita proba, ademais do especificado a continuación.

- Programa de concerto: O alumnado, a petición do profesor, interpretará fragmentos de calqueira das obras traballadas durante o curso.
- Lectura a primeira vista: O alumnado disporá de 5 minutos para leer e analizar fragmentos musicais non necesariamente correspondente ao repertorio de conxunto do curso escolar. Durante este período de lectura, o alumno poderá dixitar pero non tocar. Posteriormente executará individualmente os fragmentos.

### ***Matrícula de honra***

A matrícula de honra poderase conceder ó alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música ou danza que acaden

a calificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de Setembro, e polo Decreto 204/2007, do 11 de Outubro.

Concesión de matrículas de honra:

- a) O número de matrículas de honra non poderá superar o 10% do alumnado matriculado no curso.
- b) As matrículas de honra serán propostas polo departamento de Conxunto
- c) As propostas do departamento elevaráanse á Comisión de Coordinación Pedagóxica, que levantará acta dos acordos tomados e da concesión das matrículas de honra.

## **6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

O ensino de conxunto require unha constante adaptación por parte do profesor ás condicións específicas de cada alumno co fin de dar unha resposta educativa máis adecuada ás súas necesidades. É o que se denomina atención á diversidade e que no ensino das especialidades grupales pode manifestarse tanto a través das características físicas dos alumnos (por exemplo, tamaño da man, disfunción motora....), como nos seus coñecementos previos ou as distintas aptitudes que manifestan, sexan mecánicas ou expresivas. Por esta razón, poderán adaptarse ou engadirse actividades diferentes que se consideren oportunas. Do mesmo xeito podería ser necesario retomar ou prolongar o traballo dalgún aspecto determinado ata a súa correcta asimilación.

En canto á elección do repertorio e co fin de atender á diversidade, terase en conta que os mesmos contidos pódense atopar en distintos estudos e obras do repertorio.

É convinte ampliar ao máximo o abanico de obras onde elixir. A elección dunhas ou outras estará en función da súa dificultade global, pero tamén se

terá en conta que xunto aos contidos que se pretende traballar poderán integrarse outros novos aínda non tratados, ou remitir a outros xa superados.

Para poder aplicar as medidas de adaptación máis convenientes, practicarase unha avaliación inicial que nos permita identificar os trazos de diversidade que nos servirán de referencia para organizar e interpretar correctamente esta información e posteriormente, realizaranse adaptacións curriculares ou orientacións (dependendo do caso).

Entre as medidas a tomar poderíamos adoptar algunha das seguintes:

- Elección dun repertorio axeitado ao nivel do grupo.
- Reforzos individuais.
- Interacción co profesor-titor.
- Recuperacións.
- Adaptación de materiais.

## **7. TEMAS TRANSVERSAIS**

### ***Educación en valores***

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais. Estes contidos, que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social, son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas, co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual.

O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado unha especial sensibilidade cara a dita realidade. O carácter participativo e colaborador da

práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

### ***Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs).***

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día máis patente e a súa utilización exténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias, que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's, pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas, unidas á compartición masiva de material audiovisual, facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical.

Por outro lado, a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, grabadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar no aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia, xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado, así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As

plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados no aula debe respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

## **8. PROBAS DE ACCESO**

*Probas de acceso a 2º de grao profesional.*

A proba consistirá na interpretación total ou parcial, a criterio do tribunal, de dúas obras de conxunto de diferentes estilos escollida polo aspirante.

Os contidos e mínimos esixibles serán os mesmos que os indicados nesta programación correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

*Probas extraordinarias*

Os alumnos que non obtivesen cualificación positiva poderánse presentar á proba extraordinaria, e presentarán polo menos os contidos do apartado mínimos esixibles, é dicir, 30 minutos de música incluíndo polo menos dous estilos diferentes.

### ***Criterios de avaliación e cualificación***

Os criterios de avaliación serán os mesmos que os indicados nesta programación correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

Dominio da parte individual: 40%

Conxunto, sincronía e interese polas outras voces: 40%

Adaptación estilística: 20%

Os aspectos a ter en conta na cualificación desta proba seran os seguintes: dificultade da obra; empaste sonoro e dinámico; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo; reacción as indicacións dos compañeiros; e criterio estético e estilístico. O peso desta parte na nota final da proba será do 100%.

## **9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc.

Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia das materias do departamento e en concreto a de conxunto, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interés no estudo, etc.

Comentásense regularmente os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter un óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas,

instrumentos e o seu estado, ordenadores, equipos de audio, software, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc ... En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.